



Memoria económica e de transparencia do Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro de restauración do tajamar sureste na ponte de Pedre, dentro da categoría de "promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca".

Expediente: CNV25-04

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da





potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia e os concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 21 de xaneiro de 2025 o concello de Cerdedo-Cotobade presentou unha solicitude de colaboración a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria valorada para a restauración do tajarar sureste na ponte de Pedre.

O seu valor histórico, social e cultural é o que o xustifica a necesidade manifesta do concello de preservar este elemento patrimonial a través da realización dunha serie de actuacións definidas no proxecto, necesarias e imprescindibles para asegurar a súa conservación.

O interese público e social destas actuacións tamén se exterioriza ao ser unha construción que conecta a poboación no seu paso polo río Lérez e representa un valor cultural para a comarca na que se sitúan.

- Singularidade e excepcionalidade: A ponte de Pedre é unha das construcións máis espectaculares e sobresaíntes das pontes singulares que saltan as augas del Río Lérez nesta da comarca. Data do século XIV e a súa autoría atribúeselle a Pedro de Pedre, pai do mestre Mateo autor do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.

Atopámonos ante unha construción que une as poboacións de Pedre e Serrapio a través dunha ancha calzada pétreo e que conta cunha lonxitude de 67 metros con rasante bombeada e tres arcos ojivales de anchuras diferentes entre eles, algo moi habitual na idade media. Destaca o seu arco central de 15 metros de alto e 9 metros de ancho que dá paso á parte máis caudalosa do río.

Esta ponte romana foi mencionada na obra «Viaxe por Galicia» do Padre Sarmiento en 1754 ademais de ser escenario do paso das tropas napoleónicas en 1808 ou lugar de enfrontamentos durante os tempos da posguerra civil.





De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación é dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo concello de Cerdedo-Cotobade para a restauración do tajamar sureste na ponte de Pedre destaca por ser un proxecto singular en canto o elemento a tratar así como ter un compoñente histórico e patrimonial como ben catalogado.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

A) Promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, ou por teren un marcado significado histórico para a comarca na que se sitúan, por pertencer a correntes artísticas recoñecidas, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características tradicionais, priorizando o seu uso tradicional.

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Cerdedo-Cotobade queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires de 01 de xaneiro de 2025.





- PROXECTO "Restauración do tajamar sureste na ponte de Pedre " dentro da categoría de promoción e posta en valor do patrimonio histórico da comarca".
- ORZAMENTO: Oitenta e seis mil trescentos noventa e catro euros (86.394,00 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

➤ Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	69.115,20 €
➤ Concello de Cerdedo-Cotobade:	20%	17.278,80 €
TOTAL	100%	86.394,00 €

- Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2025 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Comprobado no sistema XUMCO, actualmente non existe indicador asociado a este proxecto.

Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2025	69.115,20 €
	69.115,20 €	





De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025

Orzamento xeral

Capítulo	Resumen	Porcentaxe	Importe
1	Actuacións previas	22,42	13.450,75 €
2	Implantación de obra	18,64	11.181,65 €
3	Actuacións en muros	54,69	32.815,00 €
4	Seguridade e saúde	3,07	1.840,76 €
5	Xestión de residuos	0,91	544,56 €
6	Control de calidade	0,28	167,28 €
Orzamento de execución material			60.000,00 €
13,00% Gastos xerais			7.800,00 €
6,00 % Beneficio industrial			3.600,00 €
Base Impoñible			71.400,00 €
21 % IVE			14.994,00 €
Orzamento total			86.394,00 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo





do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
M^a Paz Rodríguez Rivera

